



Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

**ACTA SESIÓN PLENO EXTRAORDINARIO**  
**18 DE MAIO DE 2021**

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Ribeira, sendo as  **vinte horas do martes 18 de maio de 2021** (*previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde Manuel Ruiz Rivas o 14-05-2021*) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación (baixo a modalidade de “telemático” (*coa presenza física dos/as Sres/as concelleiros/as voceiros dos respectivos grupos municipais*) previsto no artigo 46.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,coa fin de celebrar pleno extraordinario.

<b>Partido Popular (PP)</b>
1.-Manuel Santos Ruiz Rivas, <b>alcalde-presidente</b>
2.-María José Sampedro Fernández
3.-Ramón José Doval Sampedro.
4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
5.-Ana Isabel Barreiro Rego.
6.-Victor Reiriz Lampón
7.-Juana María Brión Santamaría
8.-Elvira Pereira Ageitos.
<b>Partido Barbanza Independiente (PBBI)</b>
1.-Vicente Mariño de Bricio
2.-María Herminia Pouso Maneiro
3.-Miguel Ángel Vázquez Salgueiro
4.-Emilio Andrés González Regueira.
5.-Gerardo Pardavila Fernández.
6.-Asier Casais Álvarez
7.-Tania Redondo Fernández
<b>Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)</b>
1.-José Manuel Vilas Álvarez
2.-José Manuel Suárez-Puerta Sirgado.
<b>Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)</b>
1.-Xosé Antonio Vázquez Cobas





2.-Luis Antonio Pérez Barral
<b>Suma Ribeira (SR)</b>
1.-Xurxo Ferrón Vidán

A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, **D. Juan Manuel Salguero del Valle**, que dá fe do acto, e polo **Sr. Interventor** do mesmo, **D. Pablo Bao Castro** (*asiste telemáticamente*).

**Asiste igualmente en calidade de asesor informático o empregado municipal Ramón Martínez Becerra.**

**Excusa a súa ausencia Dna. Ana Isabel Ruiz Reiriz, concelleira do grupo municipal do PP:**

Ábrese a sesión **polo Sr. alcalde-presidente** e prega ao Sr. Secretario lea a orde do día, e tal e como se acordou na Xunta de Voceiros pase a leer a proposta da mesma.

**PUNTO ÚNICO: - PETICIÓN URXENTE DA PLATAFORMA VECIÑAL DE PALMEIRA E O CLUBE DE XUBILADOS DE PALMEIRA PARA EVITAR OS PECHES TANTO EN PALMEIRA COMO NO RESTO DE PARROQUIAS DO CONCELLO DAS SUSCURSAIS DA ENTIDADE FINANCIERA ABANCA.**

“Dende a Plataforma veciñal de Palmeira e o Club de Xubilados pretendemos por de manifesto as consecuencias negativas do peche da oficina de Abanca nesta localidade, implicando a todos os representantes dos diferentes partidos do concello de Ribeira, xunto cos representantes dos colectivos sociais, culturais e económicos da nosa parroquia, como son; o club de Xubilados de Palmeira, a Sociedade Fillos de Palmeira, Cáritas, o Club de Fútbol de Palmeira, as Confraría de Pescadores e Mariscadores de Palmeira e representantes do Comercio local e Hostalería.

Partimos ademais, coa recollida de máis de trescentas firmas de persoas que inicialmente reclamaban a ampliación do servizo desta oficina, os cinco días da semana, en lugar de 3 días como están facendo dende hai uns meses, coa excusa da pandemia que vimos sufrindo desgraciadamente dende fai xa mais dun ano (vaise a aportar unha copia compulsada delas, xunto con esta petición).





Resulta contradictorio esta medida e mais se cabe, pola pretensión desta entidade de pechar definitivamente a oficina cuxo local e propio e deixar sen servizo a Palmeira con cerca de 2.000 habitantes, sendo a segunda parroquia mais grande do concello despois de Aguiño.

Hai que ter presente, que a nosa parroquia como a maioría da comarca, ten unha enorme poboación envellecida, que ten uns coñecementos mínimos no manexo da banca electrónica, ou da tarxeta de crédito, contando tamén coas veces que fallan os servizos de acceso a internet en algunhas zonas do pobo, polo que estarían obrigados a ter que desprazarse ás oficinas que a entidade ten no centro de Ribeira, ou A Pobra, para poder facer alí as súas xestións. Moitas destas persoas con esta medida, pasarán a depender de familiares, veciños, transportes públicos ou outros medios para poder desprazarse, vëndose así reducida, a súa independencia.

Parece surrealista concentrar todos os clientes de Abanca de todas as parroquias do Concello, nas oficinas de Ribeira, masificando o servizo co enorme risco que supón debido ós contaxios.

Os maiores de 65 anos teñen prioridade en tódolos establecementos, facer cola, estar de pe á choiva, pasando frío ou calor diante das súas oficinas, é unha perda de tempo inútil, cara e humillante.

Tamén recalcar que o servizo de autobuses, dende fai uns meses ten unha redución do número de viaxes entre parroquias e concellos e con horarios mais limitados que os que tiñamos coa anterior empresa de transportes, e tampouco dispoñen de adaptacións especiais para persoas dependentes con minusvalías ou limitación de movementos.

En canto ó tema económico, o peche da oficina e o caixeiro vai supoñer un trastorno para todo o pequeno comercio e hostalería que van ver reducidas as súas vendas, xa que si os cidadáns teñen que desprazarse ata Ribeira ou a Pobra para sacar cartas, cobrar a súa pensión, ou facer algunha xestión xa van aproveitar para facer as súas compras neses lugares. Temos que engadir que a poboación triplicase no verán e en festas sinaladas con turistas, persoas que teñen aquí a súa segunda vivenda, e tódolos inmigrantes que están nos EEUU e que son moitos e veñen a pasar varios meses ó ano.

Por último, queremos lembrar que esta entidade foi rescatada con cartos públicos de todos os Galegos e afortunadamente cada ano ten mais beneficios. Polo que é inmoral o seu comportamento cos pequenos núcleos de poboación que ven minguadas as súas capacidades no referente á calidade de vida, favorecendo o despoboamento e as desigualdades cos grandes núcleos.





O pobo sin servizos vai cara a despoboación da que tanto falan nestes intres, si queremos promover os pobos, non podemos deixar que os bancos desaparezan porque son un servizo esencial.

Polo que propoñemos á Xunta de Galicia, e ó Concello de Ribeira que tomen medidas inmediatas para evitar que un servizo básico como presta unha oficina bancaria nun pobo, desapareza.

Por todo isto SOLICITAMOS:

Que os poderes públicos exerzan labores de negociación, mediación e presión se é necesario coa entidade financeira para evitar estes peches, tanto en Palmeira como no resto de parroquias do Concello e elaborar un plan contra a exclusión financeira e social co fin de dotar e garantir as mesmas igualdades, independentemente de si se vive nun núcleo grande ou nun núcleo pequeno. Esta petición, debe ser aprobada no pleno de urxencia, tal e como se acordou na reunión que tivo lugar o pasado xoves 29 de abril ás 21:00 h., na Casa do Mar de Palmeira, con tódolos representantes dos partidos arriba mencionados, no que se comprometeron a apoiar esta iniciativa...”

#### **Aberto o debate, desenvólvese así:**

#### **O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí:**

Sr. Alcalde, eu quero reclamar, como xa reclamei na Xunta de Voceiros o meu dereito a intervir. Creo que estou amparado polo artigo do Regulamento municipal e tamén pola Lei de Réxime Local. Non me parece creíble que teñamos que aprobar unha cousa sin que haxa ningún debate. Eu non estou dacordo con eso; xa o dixen na Xunta de Voceiros, vostede dice que hai un acordo; eu creo que o que hubo foi un desacordo, no que 3 grupos estábamos a favor de intervir e 2 a favor de non.

**O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí:** O Sr. Alcalde, lle dixen que era o competente para convocalo pleno dentro dos márxenes legais que ten; e que a mín os dous representantes dos afectados me dixeron que o que querían era que se leera e se votara, en esas condicións eu lle dixen que convocaba o Pleno có acordo de vostedes. Leveino á Xunta de Portavoces e así se acordou; de non ser así eu suspendo este Pleno e volverei a convocar tal como me permite a Lei de Réxime Local dentro dos 15 días seguintes hábiles; pero, volvo a repetir, si convoquei ese Pleno é porque cheguei a ese acordo cós veciños e crein que vostedes, e así o pode certificar o Sr. Secretario, tamén habían chegado a ese acordo na Xunta de Portavoces.



#### FIRMANTE - FECHA





**O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG)** di: Sr. Alcalde, os veciños a nós e os seus representantes dixéronos que eles en ningún momento propuxeron que os diversos grupos non falaran.

**O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.)** di: Sr. Cobas, vólvolle a repetir, as dúas veciñas que viñeron a falar connigo en representación, as dúas veciñas que viñeron a falar connigo ao Pleno, e está de testigo o Sr. Concejal Emilio Pérez Outeiral, de que baixo esas condicións eu aceptaba este Pleno nesta data, senon pasoo a ser o mesmo día do Pleno ordinario, e por eso, volvo a repetir, si algún grupo non está disposto a respetar ese acordo, suspendo o Pleno e o volverei a convocar na data que legalmente podo facer. Entonces, vostedes teñen a palabra.

**O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG)** di: Eu creo que teño dereito a falar e como eu calquera dos meus compañeiros de grupo.

**O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.)** di: Pois, vostede vai a falar, indudablemente, pero o lunes día 31, polo tanto, entendo que non están vostedes respetando nin o acordo có que eu cheguei con esas dúas veciñas en representación de todos, nin o que se decidiu na Xunta de Portavoces.

**O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG)** di: Eu non estou pedindo que se suspenda o Pleno, eu quero que se trate o tema dos veciños neste Pleno porque mañá é o día que vai a cerrar a sucursal e quero que se aprobe ese documento antes de que esa Sucursal se peche. Si non me deixa falar, polo menos, que conste en acta que eu non estou dacordo con eso.

**O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.)** di: Vale, pois, que conste en acta que vostede non está dacordo con eso.

**O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG)** di: E non me parece de recibo, ademais.

**O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.)** di: Bueno, non, a min o que non me parece de recibo é que non se respeten os acordos que se toman.

**O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG)** di: Vostede sabía que había un desacordo. Había 3 grupos que queríamos intervir, e xa o dixemos na Xunta de Voceiros. Vostede nos dixo que os veciños dixeran que non intervíramos e os veciños falamos con eles e non dixeran eso.

**O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.)** di: Perdona, a min os veciños sí me dixeran eso e eu a vostedes sí lles dixeran claramente, que solo convocaba o Pleno baixo esas condicións. Como vexo que vostedes non respetan esas condicións que eu lle





dixen que se iban a dar, e sobre todo, eso que tampouco respetan esa autonomía que eu teño. Si non están dacordo este pleno se suspende e volvereino a convocar dentro do prazo legal.

**O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG)** dí: Eu quero que se trate o tema. Eu non quero que se suspenda o Pleno. Eu o que quero é intervir, e si non me deixa intervir que conste en acta que eu quería intervir e non se me permitiu.

**O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.)** dí: Perfectamente, vai vostede a intervir dentro do prazo legal que lle concede a Lei. Eu volvo a recordar a opinión dos veciños expresada nese escrito xa foi escoitada e si queren votar, votámolo; si queren falar, falaremos o día 31, que foi o que eu lles dixen en Xunta de Portavoces. En vostedes está a decisión. Queren votar ou queren falar?.

**O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG)** dí: Eu quería falar pero si non se pode, por imperativo, si vostede non me deixa, pois, non pasa nada. Se vota, pero que conste en acta o meu desacordo.

**O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.)** dí: Perfectamente. Eso respecto con total claridade.

**O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG)** dí: Porque é mais importante que mañá se queda pechada a Sucursal e creo que nós debemos manifestarnos aínda que sea medio calados ou calados.

**O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.)** dí: Eu como tal lle dixen lle ofrezco, tamén, para que no seguinte Pleno podamos falar sobre un Plan para que Palmeira teña servizo financeiro, polo tanto, esa oferta sigue en pé, mañán lla trasladarei a tódolos grupos e agora si lle parece ao Sr. Secretario, procedemos á votación, facendo constar evidentemente, as palabras do voceiro do BNG, sobre a súa intención, neste caso, non aceptada polo Alcalde de que puidera falar.

**O concelleiro Xurxo Ferrón Vidán (portavoz de Mixto Suma-Ribeira)** dí: Estou dacordo tamén con que conste en acta esto, de tódalas maneiras eu teño que dicir que en contra da miña vontade democrática, na Xunta de Voceiros o acordo maioritario, que non unánime que houbo, foi o que está decindo o Alcalde, me gusta recoñecer as cousas como eu interpretei na Xunta de Voceiros; agora, eu deixei alí claro e sigo pensando que non ten moito sentido celebrar un Pleno nestas condicións sin intervención, pero na Xunta de Voceiros, decidía, eu creo que ademais quen ten que decidir é a maioría dos solicitantes da solicitude, se non entendo mal legalmente, e a maioría dos asinantes da solicitude, en todo caso, a maioría dos concelleiros estaban en desacordo con que houbera intervencións nese Pleno. Entón, eu tamén fago constar en acta eso, pero me vexo na obriga tamén de recoñecer que a miña





interpretación do que foi a Xunta de Voceiros é que realmente o acordo da Xunta de Voceiros por maioría foi de que non houbera intervencións; y eu acato ese acordo có que non estou dacordo.

**O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG)** dí: Pero os 7 concelleiros que asinaron a solicitude non votaron aquí.

**O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.)** dí: Perdome, pero eu dixen as condicións baixo as que se entendía que eu estaba disposto a celebrar ese Pleno porque mo pediran os veciños, senon a miña intención saben que era outra. Baixo esas condicións que se aceptaron e se votaron, se celebra este Pleno, entonces, eu creo que vostede expuxo a súa opinión, tamén respeto, e efectivamente, tamén constará a opinión do Sr. Ferrón, e si lle parece Sr. Secretario, pasamos a esa votación.

**O concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE)** dí: Sr. Alcalde, eu tamén considero que desde o noso grupo debíamos de ter unha intervención aínda que fose pequena, pero debíamos intervir porque o caso, a gravidade do peche desta Sucursal así o require, sinon, que conste en acta tamén a nosa intención.

**O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.)** dí: Si algún grupo mais desexa intervir, para expresar a postura sobre o que aquí se está falando?.

**O concelleiro Vicente Mariño de Bricio (portavoz do grupo m. PBBI)** dí: Dicho lo que se habló en la Junta de Portavoces, como bien saben los demás compañeros de Corporación, los que han firmado esa solicitud, nosotros, nuestro grupo ya de por sí, podía solicitar con los 7 concejales ese Pleno extraordinario, teníamos capacidad para ello; nosotros sin entrar en debate y lo que hemos expresado en Junta de Portavoces, es que lo que nosotros entendimos allí con los vecinos, era que se trajera ese documento para aprobar aquí, sin ningún tema político, que hubiera una unanimidad apoyando ese documento de cara a trasladarlo a ABANCA o a donde se estime oportuno. Puedo estar equivocado si entendí mal el tema de los vecinos, pero creo que Palmeira en este caso, que es la que nos incumbe en este momento, podía ser Aguiño u otras parroquias que ya no tienen en este momento Entidad Bancaria, podían estar en el mismo problema. Creo que esta unanimidad, esta lectura por parte del Secretario, yo también lo entiendo así, se le da una categoría muy grande en el sentido de que Palmeira puede tener sin duda alguna un apoyo unánime a ese documento de esa Asociación Vecinal y todos los que han contribuido a ese documento, que todos los grupos lo apoyen. Entrar en debate?. Tampoco tendría mayor inconveniente yo en que se hiciera ese debate, no es un capricho; yo entendí eso francamente, y creo que se le da mayor categoría en este tipo de declaración leída por el Secretario así tal cual, sin entrar en política. Bueno, pues, hay otros





momentos para discutir, pero nada más. La declaración que se le da más categoría, pero no tendría ningún inconveniente en discutir por nuestro grupo, pero digo, lo que me han transmitido en ese momento y lo que yo solicité en ese momento, era ese Pleno para que este Pleno leyera lo que nos estaban dando aquel día la gente en Palmeira. Se hace esa Declaración y se apoya, ahora, el discutir y que hubiera un debate por nuestro grupo tampoco tendríamos mayor inconveniente, pero lo que a mí me transmitieron en ese momento, o lo que yo entendí en ese momento era eso, que se le diera esa categoría aprobándolo unánimemente sin mayor discusión. Otra cosa, cuando hemos registrado ese tema, pues, para otra vez, Srs concejales, Srs compañeros de Corporación, miren ustedes lo que firmen y registren lo que tengan que registrar; sino, en otro momento, pues, llegado el caso, nosotros registraremos con nuestro grupo suficiente.

**O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.)** di: Gracias Sr. Mariño, bueno, eu creo que temos un Pleno ordinario, si cada un quer expresar a sua posición nese Pleno ordinario ou ben no Plan que se vai a presentar para que Palmeira non quede sin servicio financeiro, pois, podémolo facer pero eu tamén entendo que o que vamos a votar é ese documento que expresaron e levaron á firma os veciños. Polo tanto, si lle prego ao Sr. Secretario que faga a votación do mesmo e posteriormente damos por rematado este Pleno.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposta, rematadas as **intervencións**, sómtese a votación ordinaria a proposta da plataforma veciñal de Palmeira e o Clube de Xubilados de Palmeira para evitar os peches tanto en Palmeira como no resto de parroquias do Concello das Suscursais da Entidade Financeira Abanca de data 07 de maio de 2021, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 20** (8 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)  
**-VOTOS EN CONTRA: 0**  
**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade dos presentes** aprobala **proposta da plataforma veciñal de Palmeira e o Clube de Xubilados de Palmeira para evitar os peches tanto en Palmeira como no resto de parroquias do Concello das Suscursais da Entidade Financeira Abanca de data 07 de maio de 2021**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos.

E no habendo máis asuntos que tratar sendo as **20 horas e 22 minutos** do día 18 de maio de 2021, o **Sr. alcalde-presidente** deu por finalizada a sesión de todo canto antecede, como secretario, dou fe e certifico







O alcalde-presidente

Manuel Ruiz Rivas

O secretario

Juan Manuel Salguero del Valle



**FIRMANTE - FECHA**

